

Orde do 9 de setembro de 2009 pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

En virtude da orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 28 de decembro de 2007 (DOG número 7, do 10 de xaneiro de 2008), convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas.

O tribunal designado para cualificar o dito proceso acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Función Pública a relación de aspirantes que o superaron na súa Resolución do 17 de xullo de 2009 (DOG número 145, do 27 de xullo).

Co obxecto de que os/as aspirantes que superaron o dito proceso selectivo poidan ser nomeados funcionarios do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas, e segundo o disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e demais normativa concordante, esta consellería

DISPÓN:

Convocar os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas, ao acto de elección de destino provisional que terá lugar no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), o día 23 de setembro de 2009, ás 10.30 horas.

Os/as aspirantes convocados poderán elixir entre os postos que se relacionan no anexo desta orde segundo a orde acadada no proceso selectivo, sempre que reúnan as condicións exixidas nel.

Os/as aspirantes da quenda de promoción interna terán en todo caso preferencia sobre os/as aspirantes

provenientes do sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Os/as aspirantes deberán ir provistos de DNI ou outro documento que acredite fidedignamente a súa personalidade; no caso de non comparecer persoalmente, poderán ser representados por terceiras persoas con poder notarial suficiente.

Aos aspirantes que non comparezan persoalmente ou por medio de representantes seranlles adxudicadas en destino provisional as prazas que lles correspondan atendendo á orde de publicación destas e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación das prazas aos/as aspirantes presentes ou representados, entre as que quedasen sen adxudicar.

No caso de solicitar excedencia voluntaria por incompatibilidade, deberán presentarse ao chamamento cun certificado do responsable da unidade de persoal en que conste que o interesado presta servizos na actualidade na Administración, ou ben documentación que o acredite.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, no caso dos aspirantes da quenda de promoción interna ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, e, no caso dos do sistema de acceso libre, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

Marta Fernández Currás
Conselleira de Facenda

ANEXO

Relación de vacantes do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de bibliotecas

Núm.	Código do posto	Cons.	Denominación	Nivel	Centro destino	Centro directivo	Concello	Formación	Observacións
1	CUC030000315770010	CU	Técnico superior bibliotecas	20	S. X. da Biblioteca Nacional de Galicia	Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural	Santiago de Compostela	Facult. Secc. Biblioteca (Req.Indisp.)	
2	CUC994010115770005	CU	Técnico superior bibliotecas	20	Biblioteca de Santiago de Compostela	Servizos periféricos	Santiago de Compostela	Facult. Secc. Biblioteca (Req.Indisp.)	Xornada mañá ou tarde
3	CUC994010136560007	CU	Técnico superior bibliotecas	20	Biblioteca Vigo	Servizos periféricos	Vigo	Facult. Secc. Biblioteca (Req.Indisp.)	Xornada mañá ou tarde, ocupado laboral fixo